

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e nove de decembro de dous mil quince, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Manuel Doval Soto, dona Consuelo Vispo Seara, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.^a Villarino Pardo, don Juan Anta Rodríguez, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Adolfo González Nóvoa, don Vicente Gómez García e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do grupo de Democracia Ourenzana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

O deputado do Grupo Popular, don Antonio Montero Fernández, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto terceiro da orde do día e regresou cando se trataba o punto sexto.

O deputado do Grupo Socialista, don Miguel Bautista Carballo, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto cuarto da orde do día e regresou cando se trataba o punto sexto.

O deputado de Democracia Ourenzana, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto cuarto da orde do día e regresou cando se trataba o punto sexto.

O deputado do Grupo Socialista, don Vicente Gómez García, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto 9B da orde do día e regresou no punto 11 de rogos e preguntas.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o vicesecretario xeral da Corporación, don Juan Marquina Fuentes.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal vídeo acta:

<http://videoacta.depourense.es>

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

1º.- ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, CORRESPONDENTES Á EXTRAORDINARIA DO DÍA 3 DE NOVEMBRO DE 2015 E Á ORDINARIA DO DÍA 27 DE NOVEMBRO DE 2015.

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular aos borradores das actas das sesións anteriores, correspondentes á extraordinaria do día 3 de novembro de 2015 e á ordinaria do día 27 de novembro de 2015, que foron distribuídos coa convocatoria da sesión. Non se formula ningunha obxección, obténdose os seguintes resultados:

. Acta extraordinaria do día 3 de novembro de 2015: queda aprobada ao obter o voto favorable do deputado do BNG e dun deputado do Grupo Socialista, e a abstención do resto dos deputados da Corporación (23).

. Acta ordinaria do día 27 de novembro de 2015: queda aprobada ao obter o voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular e de Democracia Ourense (16) e a abstención dos deputados/as do Grupo Socialista e do BNG (9).

2º.- PLAN DE ORDENACIÓN DE RECURSOS HUMANOS 2016 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

O Sr. vicesecretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto segundo](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14), o voto en contra dos deputados/as do Grupo Socialista e do BNG (9) e a abstención dos deputados de Democracia Ourense (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan de Ordenación de Recursos Humanos 2016 da Deputación Provincial de Ourense, co seguinte contido:

I. Memoria Xustificativa:

A RPT 2016, inicialmente aprobada na sesión ordinaria de 25 de setembro de 2015, introduce unicamente modificacións puntuais na estrutura de postos de traballo da administración provincial, consistentes na supresión do Servizo de Cooperación con efectos do mes seguinte ao da xubilación do actual titular da xefatura do servizo e a integración das

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

unidades administrativas que o compoñen no Servizo de Vías e Obras, no que se crea unha Sección de Estudos e Proxectos, así como a creación de novos postos, supresión de postos vacantes e modificacións no sistema de provisión de determinados postos – reducíndose notablemente os postos de libre designación e os postos abertos á súa provisión por funcionarios doutras administracións públicas.

De todas estas modificacións, a única que existe a adopción de medidas de reordenación de persoal é a de supresión do Servizo de Cooperación, ao ser preciso establecer mecanismos de asignación dos novos postos que lles corresponden aos empregados públicos titulares dos postos suprimidos. A este respecto, o Plan de Ordenación establece un procedemento de reasignación de efectivos, ao estimarse que existe unha analoxía esencial (tanto no aspecto funcional como no retributivo) entre os postos suprimidos do Servizo de Cooperación e os postos da Sección de Estudos e Proxectos e da Sección de Conservación e Explotación na que se integran, polos motivos seguintes:

- O titular do posto de Adxunto ao Xefe do Servizo de Cooperación será reasignado ao posto de Xefe da Sección de Estudos e Proxectos, con idéntica retribución e funcións semellantes, no relativo á dirección das unidades que ten adscritas e á realización de tarefas de redacción e dirección facultativa de proxectos de obra pública propios da súa categoría profesional.

- Os titulares dos postos de traballo correspondentes aos Negociado de Proxectos e o Negociado de Vixilancia de Obras serán reasignados aos postos equivalentes do Negociado de Proxectos da Sección de Estudos e Proxectos a do Negociado de Vixilancia de Obras nº 2 da Sección de Conservación e Explotación.

Os postos do Negociado da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos non se ven afectados por esta medida, dado que non sofren ningún tipo de modificación, limitándose a RPT ao seu cambio de adscrición, pasando a depender da Área de Infraestruturas.

A reasignación de efectivos, nos termos expostos, considérase plenamente axustada ao establecido no artigo 103 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, así como ao disposto nos artigos 58, 59 e 60 da Ordenanza de clasificación e provisión de postos de traballo da Deputación de Ourense (BOP de 4 de febreiro de 2004).

Complementariamente ás ditas medidas, o Plan contempla outras de carácter xeral, que concretan diferentes aspectos da política de persoal da Deputación, referidas ás seguintes

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

cuestións: - No cadro de persoal funcionario, mantense a declaración a extinguir dos subalternos de administración xeral, xa acordada no Plan de Ordenación do exercicio 2014.

-Actualízase o cadro de categorías profesionais do persoal laboral, suprimindo a categoría de administrativo de asistencia a grupos políticos, ao terse amortizado a única praza destas características que existía, estando na actualidade os postos correspondentes cubertos mediante persoal eventual.

- Se prevé a elaboración dun plan especial para a racionalización das categorías profesionais de chofer especialista e condutor de maquinaria de obras públicas e vehículos especiais, establecéndose xa un prazo concreto de presentación ante a Mesa Xeral do dito plan.

- Se prevé tamén a elaboración dun plan especial de consolidación de emprego do persoal laboral indefinido, recollendo a proposta formulada no seu día polo sindicato Comisións Obreiras no marco da Mesa Xeral de Negociación. Este plan estruturarase en dúas partes: unha primeira, establecerá, no marco da lexislación vixente, os criterios e procedemento para o recoñecemento da condición de persoal laboral indefinido dos empregados públicos provinciais que se atopen na situación que dan dereito a este recoñecemento; e unha segunda regulará os procedementos para a regularización da súa situación, que, en todo caso, quedarán condicionados polas normas que en materia de oferta de emprego público establezan as Cortes Xerais e o Parlamento de Galicia.

- Establécense as normas específicas de desenvolvemento do disposto no artigo 69.4 da Lei de Emprego Público de Galicia, en materia de prórroga da situación de servizo activo do persoal funcionario tra – la idade de xubilación ordinaria, co fin de cumprir o obxectivo xeral de contención do gasto de persoal.

- Por último, establécense os criterios xerais para a elaboración da Oferta de Emprego Público para o exercicio 2016, conforme ás previsións do proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para o dito exercicio. Introdúcese ademais a previsión establecida no artigo 80 da Lei de Emprego Público de Galicia, en canto a que o 25 % das prazas de funcionarios ofertadas se reserven para a promoción interna, estendendo ese mínimo, igualmente, ás prazas do persoal laboral.

Polo que respecta á documentación que integra este Plan – composta pola presente memoria xustificativa e as determinacións, estímase que recollen as previsións establecidas no artigo 47.4 da Lei de Emprego Público de Galicia, ao definir suficientemente o ámbito de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015

aplicación e vixencia do Plan, os seus obxectivos e as medidas de ordenación previstas. No que respecta ao cronograma detallada da súa implantación e aplicación, o Plan detalla os prazos nos que se deben adoptar as diferentes medidas previstas, sendo de aplicación inmediata coa súa entrada en vigor aquelas medidas para as que non se establecen prazos específicos. Estímase innecesario o informe económico – financeiro, dado que as determinacións do Plan non implican gastos para a Administración provincial.

II. Determinacións do Plan.

1) Medidas para a reestruturación do cadro de persoal:

a) Determinación das Escalas e Subescalas do Persoal Funcionario de Carreira da Deputación Provincial de Ourense:

O cadro de persoal da Deputación Provincial de Ourense intégrase polas seguintes escalas, subescalas, clases e categorías:

1) Escala de Administración Xeral

- Subescala Técnica:

Grupo de titulación: A1

Titulación de acceso: Estar en posesión do título universitario de Grao ou equivalente.

- Subescala de Xestión:

Grupo de titulación: A2

Titulación de acceso: Estar en posesión do título universitario de Grao ou equivalente.

- Subescala Administrativa:

Grupo de titulación: C1

Titulación de acceso: Bacharelato ou Técnico ou equivalente.

- Subescala Auxiliar:

Grupo de titulación: C2

Titulación de acceso: Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente.

- Subescala Subalterna:

Grupo de titulación: Agrupación Profesional sen requisito de titulación.

Observacións: categoría a extinguir.

2) Escala de Administración Especial:

2.1) Subescala Técnica, estruturada nas seguintes clases e categorías:

a) Clase Técnico superior (A1)

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

- Técnico superior en Administración Financeira e Tributaria.
- Letrado da Deputación Provincial.
- Enxeñeiro de Obras e Servizos Provinciais.
- Enxeñeiro Superior Industrial.
- Arquitecto
- Veterinario.
- Técnico Superior de Laboratorio.
- Tradutor de Lingua Galega.

b) Clase Técnico Medio (A2)

- Asistente Social.
- Técnico Especialista en Laboratorio.
- Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas.
- Enxeñeiro Técnico Agrícola.
- Enxeñeiro Técnico Industrial.
- Arquitecto Técnico.

c) Clase Técnico Auxiliar (C1)

- Oficial de Obras e Servizos.
- Oficial Técnico de Obras.
- Delineante.
- Técnico Auxiliar Agrícola.

2.2) Subescala de Servizos Especiais, estruturada nas seguintes clases e categorías:

2.2.1) Clase Prazas de Cometidos Especiais

- Técnico Superior en Desenvolvemento Local e Recursos Europeos (A1).
- Técnico Superior en Administración Cultural (A1).
- Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais (A1).
- Técnico Superior en Xestión de Instalacións Deportivas Municipais (A1).
- Enxeñeiro Superior en Informática (A1).
- Xestor de Administración Cultural (A2)
- Enxeñeiro Especialista en Informática (A2).
- Técnico Especialista en Recursos Humanos e Formación Profesional (A2).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

- Técnico Especialista en Desenvolvemento Local e Recursos Europeos (A2).
- Técnico Especialista en Xestión Tributaria e Recadación (A2).
- Técnico Especialista en Xestión Orzamentaria e Contable (A2)
- Técnico Especialista en Prevención de Riscos Laborais (A2).
- Técnico Especialista en Medio Ambiente (A2)
- Oficial Técnico en Seguridade e Saúde (C1).
- Técnico Superior Informático (B).
- Técnico Auxiliar Informático (C1).
- Técnico Auxiliar en Medio Ambiente (C1).
- Auxiliar Técnico de Recadación e Xestión Tributaria (C2).
- Auxiliar Informático (C2).
- Programador Informático (C1). Categoría a extinguir.

2.2.2) Clase Persoal de Oficios

- Rexente de Edificios e Instalacións (C1). Categoría a extinguir.
- Axudante de Obras e Servizos (C2). Categoría a extinguir.
- Chofer de Presidencia
- Conductor de Maquinaria de Obras Públicas e Vehículos Especiais (C2). Categoría a extinguir.
- Chofer Especialista (C2). Categoría a extinguir.
- Mecánico – Electricista – Soldador (C2). Categoría a extinguir.
- Legoeiro (Agrupación profesional sen requisito de titulación). Categoría para extinguir.

b) Determinación de categorías profesionais para o persoal laboral fixo

O cadro de persoal laboral da Deputación Provincial de Ourense queda estruturado nas seguintes categorías profesionais:

- Técnico medio de asistencia ós grupos políticos (A2).
- Profesor Superior de Gaita (A2).
- Profesor Axudante de Gaita (C1).
- Profesor de Percusión (C2).
- Profesor Superior de Danzas, Pandeireta e Canto (A2).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

- Profesor Axudante de Danzas, Pandeireta e Canto (C1).
- Oficial Técnico de Escenario, Luces e Son (C1).
- Oficial de Explotacións Agropecuarias (C1).
- Oficial de Obras e Servizos (C1).
- Oficial de Edificios e Instalacións (C1).
- Axudante do Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández (C2).
- Axudante de Imprenta (C2).
- Axudante de Escenario, Luces e Son (C2).
- Maquinista (C2).
- Axudante de Obras e Servizos (C2).
- Auxiliar de Servizos (C2).
- Auxiliar de Servizos de Recollida de Animais Abandonados (C2)
- Auxiliar Técnico de Obras (C2).
- Auxiliar Técnico de Laboratorio (C2).
- Conductor de Maquinaria de Obras Públicas e Vehículos Especiais (C2).
- Chofer Especialista (C2).
- Albanel (C2).
- Mecánico – Electricista- Soldador (C2).
- Chapista (C2).
- Pintor (C2).
- Capataz de Explotacións Agropecuarias (C2).
- Capataz de Zonas Verdes e Limpeza Viaria (C2).
- Tractorista (C2).
- Cociñeiro (C2). Categoría a extinguir.
- Conductor Especialista de Explotacións Agropecuarias (C2).
- Construtor de Gaitas e Instrumentos Musicais Tradicionais de Galicia (C2).
- Operario do Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
- Operario de Mantemento (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
- Telefonista (Agrupación profesional sen requisito de titulación).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

- Axudante de Soldador (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
- Legoeiro (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
- Peón Agrícola (Agrupación Profesional sen requisito de titulación).
- Operario sen Cualificar (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
- Operario Limpador (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
- Porteiro (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
- Legoeiro Especialista (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
Categoría para extinguir.
- Operario de Báscula (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
Categoría para extinguir.
- Auxiliar de Biblioteca (A2). Categoría para extinguir.
- Bombeiro - condutor (C2)
- Monitor deportivo de sala fitness (C2)
- Monitor de lecer no rural (C2)

c) Normas sobre titulacións de acceso ás categorías profesionais do cadro laboral e funcional de persoal:

As titulacións de acceso ás categorías profesionais do persoal laboral e ás escalas, subescalas, clases e categorías de persoal funcionario estableceranse nas bases reguladoras das correspondentes convocatorias, atendendo ó disposto na lexislación educativa vixente e procurando, na medida do posible, a apertura ao maior número de titulacións existentes, sempre que as ditas titulacións permitan presumir, en atención ao contido dos respectivos ciclos formativos, un grao de coñecemento suficiente para as funcións xenéricas da categoría.

d) Elaboración dun plan especial para a unificación e estruturación das categorías profesionais de chofer especialista e condutor de maquinaria de obras públicas e vehículos especiais:

Durante o exercicio 2016 deberá completarse o estudo das posibilidades, dende o punto de vista técnico e legal, de unificación e estruturación das categorías profesionais de chofer especialista e condutor de maquinaria de obras públicas e vehículos especiais, co obxectivo de facilitar a mobilidade profesional do persoal destas categorías e, ao mesmo tempo, acadar unha maior eficiencia na asignación dos recursos humanos dispoñibles para os

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

distintos postos reservados a estas prazas. O dito estudo levarase a cabo polo Servizo de Recursos Humanos, coa asistencia do Parque de Maquinaria, e incorporará unha proposta de plan especial de ordenación de recursos humanos, co fin de poder ser obxecto de negociación na Mesa Xeral. Este estudo deberá presentarse ante a Mesa Xeral de Negociación antes do 30 de xuño de 2016.

e) Elaboración dun plan especial de consolidación de emprego temporal:

Durante o exercicio 2016, e recollendo a proposta formulada polo sindicato Comisións Obreiras no marco da Mesa Xeral de Negociación, deberá procederse á elaboración e negociación dun plan especial para a consolidación do emprego temporal da Deputación Provincial.

O dito plan especial terá o seguinte contido mínimo:

- 1) Establecemento dos criterios e procedemento para o recoñecemento da situación do persoal laboral indefinido.
- 2) Previsións sobre os procedementos de regularización da situación mediante procesos de consolidación de emprego. Estas previsións poderán ter carácter plurianual.
- 3) Establecemento de medidas para evitar, no futuro, a produción de situacións de indefinición sobrevida de relacións laborais temporais.

2) Procedementos para a provisión dos postos de traballo establecidos na RPT:

1. Procedementos de acceso a postos de 2ª actividade:

Os procedementos de acceso a postos de 2ª actividade vacantes a partir do 1 de xaneiro de 2016 estableceranse por resolución da Presidencia no primeiro cuadrimestre do exercicio, trala negociación previa do seu deseño e contido na Mesa Xeral de Negociación.

2. Normas relativas ao persoal afectado pola supresión dos seus postos de traballo: o persoal do Servizo de Cooperación afectado pola supresión dos seus postos de traballo prevista na RPT 2016 será reasignado, por resolución da Presidencia, a postos do Servizo de Vías e Obras que teñan una relación de analoxía funcional e retributiva cos postos suprimidos, conforme ás seguintes regras:

- O titular do posto de Adxunto ao Xefe do Servizo de Cooperación será reasignado ao posto de Xefe da Sección de Estudos e Proxectos, con idéntica retribución e funcións semellantes, no relativo á dirección das unidades que ten adscritas e á realización de tarefas de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

redacción e dirección facultativa de proxectos de obra pública propios da súa categoría profesional.

- Os titulares dos postos de traballo correspondentes ao Negociado de Proxectos e o Negociado de Vixilancia de Obras serán reasignados aos postos equivalentes do Negociado de Proxectos da Sección de Estudos e Proxectos a do Negociado de Vixilancia de Obras nº 2 da Sección de Conservación e Explotación.

A reasignación de efectivos terá os mesmos efectos que a adxudicación dun posto de traballo mediante concurso, conforme ao establecido no artigo 103 da Lei de Emprego Público de Galicia, e concretarase mediante resolución da Presidencia, con efectos do primeiro día hábil do mes seguinte ao de supresión efectiva do Servizo de Cooperación, conforme ao establecido na RPT 2016.

3. Normas relativas aos postos obtidos por libre designación: os funcionarios que accedan a postos obtidos mediante procedementos de libre designación, terán, en caso de cesamento, dereito á asignación dun posto co mesmo nivel retributivo e funcións similares ao que anteriormente obtiveran por concurso.

3) Criterios xerais para o deseño da oferta de emprego público de 2016:

Os criterios xerais para o deseño da oferta de emprego público de 2015 serán os seguintes:

1º) A oferta pública de prazas de acceso libre elaborarase consonte cos criterios que determine a Lei xeral de orzamentos do Estado vixente e, en todo caso, restrinxida a aqueles supostos que se consideren absolutamente prioritarios para o funcionamento da administración provincial.

2º) En todo caso, a oferta de emprego público reservará, como mínimo, o 25 % das prazas vacantes ofertadas para a promoción interna, tanto si se trata de prazas de persoal funcionario como de persoal laboral.

3º) En ningún caso poderán incluírse na oferta de emprego público prazas declaradas para extinguir no presente Plan.

4) Normas sobre concesión de prórroga do servizo activo a persoal funcionario que exceda dos sesenta e cinco anos de idade.

1. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ó cumprir a persoa a idade legalmente establecida.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

Non obstante o anterior, o persoal funcionario poderá solicitar, cunha antelación mínima de tres meses e máxima de catro meses á data na que cumpra a idade de xubilación forzosa, a prolongación da permanencia na situación de servizo activo, ata o cumprimento da idade máxima legalmente establecida, que se concederá, no seu caso, por períodos dun ano renovables anualmente a solicitude da persoa interesada, presentada cun prazo de antelación mínima de tres meses á data de finalización da prolongación concedida. Se non presentara solicitude en prazo, declararase de oficio a xubilación forzosa.

2. A aceptación ou denegación destas solicitudes resolverase de forma motivada sobre a base dalgúns dos criterios seguintes:

a) Resultados da avaliación do desempeño da persoa solicitante, conforme ao establecido no artigo 68.4 da Lei de Emprego Público de Galicia.

b) Capacidade psicofísica da persoa solicitante, acreditada conforme ao establecido no artigo 68.4.c) da Lei de Emprego Público de Galicia.

c) A existencia de razóns organizativas que determinen a denegación da prórroga do servizo activo.

A estes efectos, decláranse como razóns organizativas determinantes da denegación da prórroga do servizo activo as seguintes:

- A non necesidade do posto para a normal realización das funcións correspondentes á unidade administrativa na que se encadre. A dita circunstancia deberá acreditarse mediante informe detallado emitido polo director da Área correspondente, ou, no seu defecto, polo director do centro, servizo ou unidade de que se trate, sen prexuízo da incorporación ao expediente de cantos informes adicionais se consideren convenientes.

No suposto en que a solicitude de prórroga sexa denegada por esta razón, o posto deberá ser suprimido na primeira modificación da RPT que se tramite, e ata tanto non se leve a efecto a supresión, non poderá ser obxecto de provisión temporal ou definitiva por ningún medio.

- A existencia, no cadro de persoal da Deputación, de persoal capacitado para o desempeño do dito posto ou para a asunción efectiva das súas funcións, sen necesidade de incorporar a persoal de novo ingreso, temporal ou interino. Esta circunstancia acreditarase mediante informe do Xefe do Servizo de Recursos Humanos.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

- A previsión da supresión do posto, ou da unidade administrativa na que se integre, na Relación de Postos de Traballo vixente.

3. Procederá tamén a xubilación dos funcionarios en situación de prórroga do servizo activo, previa instrución de expediente que poderá iniciarse de oficio ou a instancia da persoa funcionaria interesada, cando se declare a incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións, ben por inutilidade física o psíquica ou por diminución apreciable das súas facultades.

4. En calquera caso, será preceptiva a audiencia no expediente do interesado.

5) Normas sobre entrada en vigor e vixencia do Plan de Ordenación de Recursos Humanos 2016.

As disposicións do presente Plan de Ordenación de Recursos Humanos entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, sen prexuízo da súa retroactividade, con efectos do 1 de xaneiro de 2016, nos casos expresamente contemplados nas ditas disposicións normativas, para o suposto de que a publicación e produza con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2016. En todo caso, non terán efecto retroactivo as disposicións restritivas de dereitos dos empregados públicos.

O Plan terá vixencia indefinida ata a súa substitución ou modificación por un Plan posterior ou norma de superior rango xerárquico.

2º.- Someter a información pública, durante o prazo de 30 días hábiles, a documentación inicialmente aprobada, mediante anuncio no BOP, para a formulación de alegacións ou reclamacións. Se transcorrido o prazo de información pública non se formulan alegacións ou reclamacións, entenderase automaticamente aprobado de forma definitiva. Se se formulan alegacións ou reclamacións estas serán resoltas polo Pleno.

3º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA CONSTITUCIÓN DUN GRUPO DE TRABALLO PARA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO EN RELACIÓN CO ACCESO PRESENCIAL DAS VECIÑAS E VECIÑOS ÁS SESIÓNS PLENARIAS

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, do Grupo Popular, expón o contido da moción.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto terceiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto terceiro](#)

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as presentes do Grupo Popular, do Grupo Socialista e do BNG (22) e a abstención dos deputados do Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte seguinte acordo:

- Que se constituía un grupo de traballo dentro da comisión de Transparencia e Administración Provincial, formado por un representante de cada grupo político e funcionamento co sistema de réxime de voto ponderado, para elevarlle ao pleno, nun prazo non superior a dous meses, unha proposta de modificación do Regulamento orgánico que estableza as normas que regulen o acceso presencial das veciñas e veciños ás sesións plenarias.

4º.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE PIÑOR AO CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DA PROVINCIA PARA A PRESTACIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA, DO SERVIZO DE INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS MUNICIPAIS.

O Sr. vicesecretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados/as presentes do Grupo Popular e do Grupo Socialista (20) e a abstención do deputado presente de Democracia Ourensana e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a adhesión do Concello de Piñor ao convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación pola Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, do servizo de inspección dos tributos municipais.

O concello de Piñor delega na Deputación o exercicio das competencias municipais de inspección das taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial constituída en solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais correspondentes ás subministracións de electricidade e telefonía fixa, así como tamén das empresas explotadoras de redes de comunicación mediante sistemas de fibra óptica, televisión por cable ou calquera outra técnica

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

con independencia do seu carácter público ou privado.

O dito concello autoriza, ademais, á Deputación Provincial para solicitar dos órganos competentes da Administración do Estado a delegación do exercicio da competencia de inspección do Imposto de Actividades Económicas, durante o período de vixencia do convenio marco.

2º.- Ordenar a publicación desta adhesión no BOP.

5º.- RATIFICACIÓN DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓN PROVINCIAIS, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CREACIÓN E IMPLANTACIÓN DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS.

O Sr. vicesecretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados/as presentes do Grupo Popular e do Grupo Socialista (20), o voto en contra do deputado do BNG (1) e a abstención do deputado presente de Democracia Ourenzana (1) o seguinte acordo:

- Ratificar a subscripción da addenda de 3 de decembro de 2015, ao convenio de colaboración do 13 de maio de 2013, entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as deputacións provinciais para a creación e implantación dos grupos de emerxencia supramunicipais (GES).

6º.- PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E DO INORDE PARA O PERÍODO 2016-2019.-

O Sr. vicesecretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto sexto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sexto](#)

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14), o voto en contra dos deputados/as do Grupo Socialista e do BNG (9) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan estratéxico de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE para o período 2015-2019, co seguinte contido:

I. MEMORIA XUSTIFICATIVA

A vixente **Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense**, cuxo texto consolidado aprobado definitivamente se publicou no *BOP núm. 260 de data 12.11.2015* establece no seu *Título III (artigos 12-14)*, baixo a rúbrica “*do plan estratéxico de subvencións*”, a obriga desta Deputación de elaborar e aprobar un plan estratéxico de subvencións, como instrumento de planificación das políticas públicas que teñan por obxecto o fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, co contido mínimo e réxime de tramitación, aprobación, seguimento e avalización alí recollido.

Nesta Ordenanza provincial atópase unha regulación específica da planificación estratéxica das subvencións provinciais, contida no seu citado *Título III*, regulación que intenta adaptar ás peculiaridades da Administración provincial a regulación xeral contida con carácter xeral nos *artigos 8 da Lei 38/2003 xeral de subvencións* e *4 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia*, que carecen dun desenvolvemento regulamentario específico para as entidades locais.

Entre outros aspectos, o Título III da Ordenanza provincial recolle expresamente no seu artigo 12 o carácter preceptivo dos plans estratéxicos como requisito previo para a concesión de subvencións, carácter que viña recollido nos artigos citados da lexislación estatal e autonómica e que foi interpretado pola xurisprudencia do Tribunal Supremo, en sentenzas do 26 de xuño e 4 de decembro de 2012, do seguinte xeito “*...dado o teor dos apartados 1 e 3 do artigo 8 e da Disposición adicional 13ª da Lei 38/2003, o Plan Estratéxico ao que se refire ten carácter previo ao establecemento de calquera subvención, constituíndo un requisito esencial cuxo cumprimento esixe que sexa formalizado externamente e cun contido que o faga identificable como tal por reflectir polo menos aquilo ao que alude o apartado 1 dese artigo 8...*”.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

En consecuencia, a aprobación dun plan estratéxico, co contido e obxectivos sinalados na ordenanza, resulta unha necesidade ineludible para posibilitar a concesión de subvencións nos vindeiros exercicios tanto por parte da Deputación como por parte do Inorde.

A diferenza dos exercicios anteriores (2014 e 2015), nos que a planificación estratéxica se fixo anualmente, e ao coincidir o exercicio 2016 co primeiro do mandato da corporación saínte das pasadas eleccións locais de maio de 2015, desta vez óptase por facer unha planificación máis a longo prazo, co horizonte de toda a lexislatura e que abrangue os exercicios económicos 2016, 2017, 2018 e 2019, cumpríndose en todo caso os prazos establecidos no *artigo 12.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións* que establece un período de vixencia mínimo dun ano e máximo de catro.

Polo anterior, procedeuse á elaboración do presente plan estratéxico de subvencións da Deputación Provincial e do Inorde para os exercicios 2016-2019, co contido mínimo previsto no artigo 12.3 da repetida Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación, partíndose de que o mesmo se concibe, dada a súa natureza e configuración legal, como un instrumento programático. Non obstante, establécese un nivel mínimo de vinculación co plan, en dous sentidos: en primeiro lugar, prohibindo a concesión de subvencións para liñas de acción non previstas no plan, e, en segundo lugar, establecendo unha específica obriga de motivación das desviacións que eventualmente se produzan respecto das súas previsións. Todo o anterior debera redundar nun maior control do gasto público, polo que o el Plan Estratéxico debe ser un instrumento que sirva para racionalizar o exercicio da acción de fomento, de tal maneira que se poida seguir mantendo esa acción á vez que, sobre criterios de eficacia, se rendibilicen os recursos que polas circunstancias poden verse limitados.

O Plan estrutúrase en SETE LIÑAS DE ACCIÓN iniciais (cooperación coas entidades locais, fomento da cultura, fomento da educación, fomento do deporte, fomento do benestar social, fomento do desenvolvemento económico e fomento do asociacionismo veciñal) en coherencia coas competencias provinciais e coas previsións dos orzamentos xerais da Deputación Provincial para o exercicio 2016 e co Plan Ourense 15-19 deste grupo de goberno.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

II. DETERMINACIÓNS DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E DO INORDE PARA O PERIODO 2016-2019 .

A) Ámbito de aplicación e alcance das determinacións do Plan Estratéxico de Subvencións 2016-2019

1. As determinacións contidas no presente plan estratéxico serán de aplicación á totalidade dos procedementos de concesión e xustificación de subvencións xestionadas e financiadas pola Deputación Provincial de Ourense e o Inorde ao longo dos exercicios incluídos no seu ámbito de aplicación.

2. En coherencia co carácter programático do plan, cuxo contido non crea dereitos nin obrigacións e queda condicionado á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo ás disponibilidades orzamentarias do exercicio, as súas determinacións teñen o carácter de orientacións estratéxicas que deben seguirse na xestión dos procedementos correspondentes polos órganos e unidades administrativas competentes da Deputación Provincial e do Inorde. Estas orientacións estratéxicas vincularán con carácter xeral aos órganos da Deputación, nos seguintes termos:

a) Non poderán concederse subvencións para finalidades non comprendidas nas liñas de subvención previstas no presente Plan, agás nos supostos de subvencións que se concedan para a atención de situacións sobrevidas de catástrofe ou calamidade pública, ou por outras causas de interese público, e en todo caso de xeito motivado.

b) Porén do anterior, nos supostos en que os órganos xestores do plan consideren necesario apartarse das orientacións estratéxicas que este contén, deberán motivalo suficientemente. As desviacións respecto ás previsións do plan serán recollidas no informe de avaliación para coñecemento do Pleno.

3. Establécese a posibilidade da tramitación anticipada das diferentes liñas de subvención, condicionada en todo caso, á aprobación definitiva do presente Plan Estratéxico de Subvencións.

B) Principios inspiradores da presente planificación estratéxica

A vixente normativa reguladora das actuacións das Administracións Públicas en xeral e, en particular no que atinxe ás competencias das Deputacións Provinciais –*Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime local*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

modificada pola Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local– establece unha serie de principios que veñen a constituír a expresión formal dos elementos definidores do presente Plan Estratéxico de Subvencións, e que constitúen a formulación das directrices xerais que deben impregnar a execución da política de subvencións da Deputación.

Xa que logo, os principios xerais en que se concretará a acción de fomento desta administración serán principalmente os seguintes:

- Igualdade, entendida como a non discriminación ou marxinación de cidadáns, administracións ou sectores.
- Solidariedade, entendendo a acción social como expresión da xustiza social, a redistribución e actuación dos recursos de forma equitativa e a discriminación positiva.
- Fomento da iniciativa social, dando especial importancia á colaboración das entidades privadas na xestión dos intereses que lle son propios.
- Transparencia, como a vontade desta Deputación por ter informados aos cidadáns e entidades locais das súas políticas de axudas e subvencións e de asignación dos recursos públicos.
- Cooperación entre administración, entendida como a consecuencia do principio de corresponsabilidade na xestión dos fondos públicos.
- Garantía de bo funcionamento, regulando os requisitos, baremos obxectivos, competencias, mecanismos de participación e de control e avaliación e control das subvencións concedidas.

C) Obxectivos estratéxicos do Plan Estratéxico de Subvencións 2016-2019

A elaboración do presente Plan Estratéxico de Subvencións debe concibirse como un exercicio que permita realizar unha auténtica planificación estratéxica das políticas públicas de contido subvencional desenvolvidas por esta.

Fronte unha concepción formal do PES, esta Deputación quere dotarse dunha auténtica ferramenta para conquistar unha maior eficacia no cumprimento dos obxectivos da actividade subvencional e unha maior eficiencia na asignación do gasto público, e para elo deben racionalizarse e, no seu caso, simplificarse, as actuacións subvencionais a desenvolver.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

Tendo presente todo o anterior, a elaboración do PES pretende a consecución dos seguintes obxectivos xerais:

1. Dotar á Deputación dun instrumento de planificación das políticas públicas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social relacionada coas materias da competencia desta.
2. Desde unha perspectiva económico-financieira, definir instrumentos de xestión máis uniformes no conxunto das diferentes Áreas e Servizos que permitan mellorar a eficacia e a eficiencia das subvencións.
3. Desde a perspectiva da transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dar cumprimento á normativa aplicable nestas materias ante as novas obrigas de publicidade activa e pasiva impostas pola mesma.

Os obxectivos concretos ou específicos que se pretenden indícanse especificamente para cada liña do Plan.

D) Liñas de subvención do Plan Estratéxico de Subvencións 2016-2019

D.1. Cooperación ás obras e servizos municipais

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña, establecida no exercicio das competencias provinciais de coordinación dos servizos municipais e cooperación e asistencia a municipios outorgadas polo artigo 36.1. apartados a) e b) da Lei de bases de réxime local, afecta ás competencias municipais nos ámbitos dos servizos mínimos obrigatorios previstos no artigo 26 da Lei reguladora das bases do réxime local, dos servizos sociais, servizos de protección civil e outros servizos e investimentos relacionados con outras competencias municipais.

Non se recollen nesta liña as posibles subvencións a concellos e mancomunidades para acción culturais e deportivas, que se canalizarán a través das liñas específicas previstas no presente plan estratéxico.

O sector ao que se dirixen as axudas é exclusivamente ao das entidades locais da provincia (concellos, entidades locais menores, mancomunidades e consorcios).

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

Os obxectivos e efectos perseguidos co presente Plan Estratéxico, referidos ás principais áreas de competencia da Deputación Provincial, no ámbito da cooperación cos concellos e demais entidades locais, son os seguintes:

- a) Garantir un nivel mínimo de investimento en infraestruturas de titularidade municipal, en particular nas relacionadas cos servizos mínimos obrigatorios, incrementando o nivel de investimento dos últimos anos.
- b) Prestar axuda financeira aos concellos en situación de insuficiencia orzamentaria.
- c) Garantir o financiamento mínimo para o mantemento dos servizos sociais de titularidade municipal e dos puntos de atención á infancia.
- d) Fomentar as actuacións de xestión compartida de servizos públicos locais (en especial os servizos mínimos obrigatorios) a través de consorcios, mancomunidades ou outras...con especial atención a servizos públicos de carácter deficitario ou con especiais dificultades de financiamento.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como máximo antes do 1 de decembro do ano correspondente, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nos plans, programas ou convenios específicos que a integran. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente nos exercicios que correspondan. Non obstante o anterior, a execución de actuacións consistentes en investimentos poderá adiarse, sempre que concorra causa xustificativa, ata a data que se determine.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

a) Custos previsibles:

O importe previsto inicialmente para esta liña de subvencións no orzamento do 2016 é de máis de 6 millóns de euros, podendo ser obxecto de ampliación ao longo do exercicio orzamentario, en función dos remanentes dispoñibles logo da liquidación do orzamento de 2015.

Nos sucesivos exercicios obxecto da presente planificación (2017, 2018 e 2019) o obxectivo é manter e, na medida do posible ampliar, a consignación orzamentaria da presente liña, a cal se considera esencial en termos cualitativos e cuantitativos.

b) Fontes de financiamento:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

As achegas serán realizadas exclusivamente con fondos propios da Deputación Provincial. Non obstante, as entidades locais beneficiarias poderán complementar o financiamento das actuacións subvencionadas con achegas financiadas, ben sexa con fondos propios municipais, ben con fondos obtidos doutras administracións públicas ou da Unión Europea.

5.º Plan de acción

As subvencións correspondentes a esta liña xestionaranse a través dos seguintes instrumentos (e doutros que se poidan incorporar por ter encaixe no mesmo):

I. Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e de Rede Viaria Provincial

A través deste plan, canalizarase a maior parte das subvencións destinadas a investimentos municipais relacionados cos servizos mínimos obrigatorios establecidos no artigo 26 da Lei de bases de réxime local, así como as subvencións para investimentos relacionados con outros servizos municipais. Ademais, o plan, se así se acorda, preverá a posibilidade de que os concellos en situación de insuficiencia orzamentaria destinen parte da subvención á amortización da súa débeda ou a gastos correntes relacionados cos servizos mínimos obrigatorios.

O plan conterà tamén unha achega destinada á entidade local menor de Berán.

A previsión inicial, conforme ao orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2016, é dunha achega de 4.935.000 euros para estas finalidades, con cargo a fondos propios provinciais exclusivamente. Os concellos poderán complementar voluntariamente estas achegas, con fondos propios ou procedentes doutras administracións públicas.

O calendario e procedemento a seguir regularase no Plan respectivo. Para o exercicio 2016 na sesión plenaria de data 25.09.2015 aprobáronse as Bases para a elaboración e execución do Plan provincial 2016 (*BOP núm. 230 de data 06.10.2015*).

Nos vindeiros exercicios e na medida en que o permitan as dispoñibilidades orzamentarias tentarase acadar a cantidade de 60.000 € por Concello, fronte aos 53.000 € do exercicio actual.

II. Convenio de cooperación coa Xunta de Galicia, a FEGAMP e os concellos que dispoñen de grupos de emerxencias supramunicipais

A través deste convenio subvencionarase o mantemento dos GES nos concellos da provincia que dispoñan deste servizo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

Destínanse a esta finalidade 358.333,20 euros no exercicio 2016, sen prexuízo da posibilidade de incrementar esta contía, con cargo a remanentes do exercicio 2015, no caso de que se incorporen ao convenio novos municipios como sede dos GES.

As subvencións tramitaranse como subvencións nominativas, nos termos previstos no convenio plurianual aprobado polo Pleno da Deputación no pleno ordinario do mes de maio de 2013.

Para o resto do período obxecto da presente planificación manterase o compromiso de financiamento deste servizo municipal no marco e nos termos do convenio asinado.

III. Programa Provincial de Cooperación cos Concellos para a Realización de Actuacións de Limpeza das Marxes das Redes Viarias Municipal e Provincial

Este programa continuará o convenio – marco para a contratación de choferes de máquinas rozadoras que se veu levando a cabo nos exercicios orzamentarios precedentes. O obxectivo deste plan é paliar a insuficiencia financeira dos concellos para a realización dos traballos de limpeza das marxes das estradas municipais e o cumprimento das obrigas establecidas a este respecto pola lexislación de protección contra incendios forestais (normativa que non preveu dotación orzamentaria ningunha para as entidades locais). Máis en concreto, o programa subvenciona a contratación de persoal para o manexo da maquinaria rozadora precisa para estas labores de limpeza. Por razóns de eficiencia, o programa esixe que os concellos colaboren na limpeza das vías provinciais, como medio de optimizar os medios financeiros postos á súa disposición

Como consecuencia da aplicación da Ordenanza xeral de subvencións, a súa tramitación no período 2016-2019 deberá levarse a cabo conforme ás previsións do artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións, na modalidade de programas de cooperación en concorrencia non competitiva.

A aprobación inicial deste programa para o exercicio 2016 tivo lugar na sesión plenaria de data 27.11.2015. A dotación prevista neste programa, conforme ao orzamento xeral para 2016, é de 350.000 euros, integramente financiados con fondos propios da Deputación provincial.

IV. Programa Provincial de Asistencia Técnica, Económica e Xurídica aos Concellos e Mancomunidades en Materia de Servizos Sociais Comunitarios.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

Este programa – continuación dos xa executados nos exercicios anteriores 2012, 2013 e 2014– canaliza as subvencións tanto para o financiamento do servizo de axuda no fogar básico (destinado a persoas que non teñen efectivamente recoñecido o estatuto de dependencia) como para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do profesional de referencia que se regula no artigo 37 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios de Galicia.

A través deste programa lévanse a cabo as accións de cooperación económica e técnica que lle corresponde desenvolver á Deputación Provincial de Ourense en virtude das competencias atribuídas polos artigos 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

A dotación total do programa para o exercicio 2016, segundo o previsto no orzamento xeral da Deputación, é de 1.000.000 de euros, que se dedican a subvencionar o servizo básico de axuda no fogar e a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios, de acordo co establecido na normativa antedita

O programa será aprobado polo Pleno da Deputación en decembro de 2015

ou en xaneiro de 2016, tras a súa tramitación conforme ao previsto no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións, de tal xeito que os concellos e mancomunidades poidan completar o trámite de adhesión ao programa no mes de febreiro. A adxudicación das subvencións levarase a cabo na modalidade de concorrência non competitiva, determinándose a contía das subvencións en virtude de parámetros obxectivos relativos aos servizos sociais prestados polos concellos e mancomunidades beneficiarios.

En todo caso para a continuidade da presente liña de achegas haberá de estarse en todo caso ao desenvolvemento normativo que se produza no relativo ás competencias e financiamento dos servizos sociais municipais, tendo en conta o disposto *Disposición transitoria segunda da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local e na Disposición adicional cuarta da Lei autonómica 5/2014 de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

V. Programa Provincial de Asistencia aos Concellos e Mancomunidades para a Xestión de Puntos de Atención á Infancia e outros servizos de atención á infancia.

Este programa ten por obxecto canalizar as subvencións para gastos de mantemento de puntos de atención á infancia de carácter municipal.

O programa será aprobado polo Pleno da Deputación no primeiro trimestre de 2016, previa a súa tramitación conforme ao previsto no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións. A adxudicación das subvencións levarase a cabo na modalidade de concorrencia non competitiva, determinándose a contía das subvencións en virtude de parámetros obxectivos relativos aos puntos de atención á infancia xestionados polos concellos e mancomunidades beneficiarios. No Orzamento de 2016 establécese unha aplicación inicial de 200.000 euros.

VI. Subvencións a outras entidades intermunicipais para o financiamento de servizos públicos deficitarios ou de difícil financiamento

Igual que nos exercicios 2013, 2014 e 2015, prevese a concesión dunha subvención nominativa ao Consorcio de Augas de Valdeorras por importe de 80.000 euros, destinada a cofinanciar o déficit de explotación do servizo comarcal de depuración de augas residuais xestionado por este Consorcio (o resto do déficit é subvencionado por Augas de Galicia e polos concellos consorciados).

Neste apartado tamén se prevé unha subvención de 50.000 euros anuais para a Mancomunidad de Celanova para a prestación do servizo de prevención e extinción de incendios

VII. Convenios de cooperación coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil e concellos da provincia para diversas actuacións en infraestruturas (abastecemento, saneamento e/ou depuración).

Trátase de diversas subvencións reguladas en distintos convenios, cun importe total de 150.000 euros, cuxa beneficiaria é a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, pero cuxo destino é o investimento en infraestruturas municipais, razón pola que se inclúe na liña de cooperación ás obras e servizos municipais. Estas subvencións complementan o seu financiamento coas achegas da Confederación Hidrográfica con fondos propios e da Unión Europea para a creación destas infraestruturas. A regulación e condicións aplicables a estas subvencións establécese nos convenios de cooperación a través dos que se concederon, e noutros casos, establecerase nos convenios que se poidan subscribir.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

VIII. Subvencións nominativas a concellos para o cofinanciamento de investimentos municipais.

Prevense no Orzamento de 2016 unha serie de subvencións nominativas a concellos da provincia para o cofinanciamento de diversos investimentos necesarios para a prestación de servizos municipais.

En función das solicitudes e necesidades detectadas na provincia prevese que esta liña se manteña ao longo do período da presente planificación.

Con esta liña prevese acoller determinadas demandas que non teñan encaixe noutras liñas ou formas de financiamento.

IX. Subvencións nominativas a concellos para gastos de mantemento de servizos municipais

Prevense no Orzamento de 2016 unha serie de subvencións nominativas a concellos da provincia para o cofinanciamento de diversos servizos municipais.

En función das solicitudes e necesidades detectadas na provincia prevese que esta liña se manteña ao longo do período da presente planificación.

Con esta liña prevese acoller determinadas demandas que non teñan encaixe noutras liñas ou formas de financiamento.

X. Programa provincial de cooperación cos concellos para a realización de actividades de promoción da mocidade.

Este programa, que se inclúe por primeira vez na política de fomento desta Deputación, ten como finalidade a concesión de subvencións a tódolos concellos da provincia –excepto a capitalidade- para a realización de actividades de promoción da mocidade que sirvan como estímulo para revitalizar este segmento da poboación provincial. Pártese dunha previsión inicial no Orzamento de 455.000 euros e prevese a súa convocatoria no primeiro trimestre de 2016.

D.2. Fomento da cultura

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvención enmárcase na competencia provincial prevista no artigo 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Os sectores aos que se dirixen as axudas son as entidades locais, a universidade pública, as entidades e institucións culturais sen ánimo de lucro e as asociacións veciñais en xeral.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Pódense sintetizar nos seguintes:

- Contribuír á realización de actividades culturais e recreativas no conxunto da provincia, con especial atención ao fomento das artes escénicas e musicais e ás actividades culturais no ámbito universitario, como elemento necesario para a configuración dunha oferta cultural e de ocio plural e sostible, aberta ao público en xeral.
- Colaborar coa Universidade de Vigo garantindo a realización dun amplo programa de actividades culturais e de extensión universitaria no Campus de Ourense.
- Contribuír ao sostemento da Real Academia Galega, así como a determinadas actividades culturais de carácter senlleiro (actividades de fundacións e outras entidades).

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como máximo e como regra xeral antes do 31 de xullo do ano que corresponda, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran. No caso das subvencións para fomento de actividades escénicas e musicais, a concesión das subvencións deberá completarse como máximo antes do 1 de decembro. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio que corresponda.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

O custo estimado desta liña de acción no orzamento de 2016 supera os 600.000 euros.

As subvencións financiaranse integramente con fondos propios da Deputación Provincial, sen prexuízo das achegas realizadas polos propios beneficiarios, ou ben con fondos doutras administracións públicas captados por estes.

5.º Plan de acción

As subvencións que integran esta liña instrumentaranse a través dos seguintes procedementos:

I. Concurso de subvencións para fomento das artes escénicas e musicais (Plan Tarazana)

A finalidade destas subvencións é o financiamento de actuacións escénicas e musicais de carácter gratuíto e abertas ao público en xeral, promovidas por entidades locais, entidades sen ánimo de lucro ou comisións de festexos.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

Igualmente, poderán ser obxecto de financiamento a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas relativas a actuacións escénicas e musicais, promovidas por entidades locais ou entidades sen ánimo de lucro.

O procedemento será o de concorrencia non competitiva, permitíndolles aos beneficiarios (entidades locais, asociacións veciñais, comisións de festexos) seleccionar libremente a actividade escénica ou musical que desexen, de entre a oferta integrada por todas as agrupacións artísticas que se adhiran ao sistema. As bases garantirán unha estrita neutralidade da Administración pública na selección dos espectáculos subvencionados, quedando determinada a concesión de subvencións exclusivamente pola orde cronolóxica de solicitudes e a dispoñibilidade das agrupacións artísticas adheridas.

As bases do concurso deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno no primeiro trimestre do exercicio.

No caso do financiamento de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas, o procedemento será o dun concurso para a concesión de subvencións que poderá admitir a modalidade de concorrencia competitiva ou non competitiva.

A dotación prevista no orzamento de 2016 para esta finalidade é de 200.000 euros.

II. Subvencións para festivais e actos similares de marcado carácter senlleiro na provincia.

Establécese a posibilidade de instrumentalizar a través de diferentes subvencións nominativas axudas para festivais e actos culturais análogos de marcado carácter senlleiro e consolidado no ámbito cultural da provincia.

III. Concurso de subvencións para realización de actividades culturais e recreativas

A finalidade destas subvencións é o financiamento da realización de todo tipo de actividades culturais ou recreativas, promovidas por entidades locais e entidades sen ánimo de lucro.

O procedemento será o de concorrencia competitiva. Os criterios de valoración incentivarán aquelas actividades que contén cun maior impacto social, así como a capacidade de autofinanciamento da entidade beneficiaria; igualmente, incentivaranse as actividades culturais que se estimen de especial interese polo seu carácter senlleiro, especial calidade ou pola súa incidencia na protección de tradicións culturais da provincia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

As bases do concurso deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno no primeiro cuadrimestre do exercicio.

A dotación prevista no orzamento de 2016 para esta finalidade é de 100.000 euros para concellos e de 150.000 para outras entidades.

IV. Convenio coa Universidade de Vigo para a realización de actividades culturais

A través dun convenio coa Universidade de Vigo regularase a concesión dunha subvención nominativa, por importe máximo de 165.000 euros, destinada a financiar a realización de actividades culturais e de extensión universitaria no campus de Ourense. Poderase incluír entre as finalidades subvencionadas a realización de programas de apoio á mobilidade dos estudantes do campus e a grupos de investigación do Campus de Ourense.

As concretas condicións da subvención regularanse no convenio, que deberá ser obxecto de negociación e aprobación pola Xunta de Goberno no primeiro trimestre do ano que corresponda.

V. Subvención nominativa á Real Academia Galega

A finalidade desta subvención nominativa é contribuír ao financiamento dos gastos de funcionamento da Real Academia Galega, cun importe de ata 30.000 euros. As concretas condicións da subvención regularanse no acto da súa concesión.

VI. Subvencións nominativas a outras entidades. Detállanse a continuación algunhas das previstas no orzamento aprobado para o orzamento do ano 2016.

- Fundación Otero Pedraio
- Acheга ao premio Otero Pedraio
- Fundación Eduardo Blanco Amor
- Fundación Abelardo Gabriel
- Pen Clube de Galicia
- Coral da Ruada
- Fundación Gavela

D.3. Fomento do deporte

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvención enmárcase na competencia prevista no artigo 118.d) da Lei 571997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como na Lei do deporte de Galicia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

Os sectores aos que se dirixen as axudas son as entidades locais, entidades deportivas sen ánimo de lucro, sociedades anónimas deportivas, asociacións veciñais e deportistas individuais cualificados.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Pódense resumir nos seguintes:

- Garantir o mantemento da actividade das principais entidades deportivas de Ourense, con especial atención ao deporte de base.
- Garantir a existencia dunha actividade plural e diversificada de actividades deportivas na provincia de Ourense, especialmente de actividades deportivas abertas ao deporte de base (con programas como o das Copas Deputación) e actividades abertas ao público en xeral, baseadas nos conceptos de “deporte para todos” e “deporte – saúde”.
- Promover e incentivar a actividade dos deportistas individuais ourensáns especialmente destacados nas súas disciplinas deportivas.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como máximo antes do 31 de xullo do ano que corresponda, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran, e da especialidade na modalidade de eventos deportivos xa que se implementará un modelo de convocatoria que permita a solicitude de eventos ao longo do ano.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

A contía destinada a esta liña de subvencións nos orzamentos de 2016 achégase a 1.000.000,00 de euros, financiados integramente con fondos propios da Deputación Provincial de Ourense, sen prexuízo da posibilidade de que os beneficiarios complementen esta achega con fondos propios ou obtidos doutras administracións públicas.

5.º Plan de acción

As subvencións que integran esta liña de actuación instrumentaranse a través das seguintes accións:

I. Concurso de subvencións a entidades deportivas

A finalidade deste concurso é a concesión de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro para o sostemento do seus gastos de funcionamento e, máis en concreto, dos gastos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

derivados da súa participación nas competicións deportivas oficiais. A dotación para estas finalidades nos orzamentos de 2016 é de 400.000 euros.

As bases reguladoras e a convocatoria deste concurso deberán aprobalas a Xunta de Goberno no primeiro trimestre de 2016. As bases terán en conta, entre outros criterios de valoración, a realización de actividades de deporte base, feminino e de discapacitados, e así como a incidencia social da actividade do club e a racionalidade da súa xestión económica, con especial atención á súa capacidade de financiamento con cargo a ingresos privados (coas de socios, patrocinios privados...).

As subvencións correspondentes a esta acción concederanse mediante procedemento de concorrencia competitiva.

II. Subvención ao Club Ourense Baloncesto.

A finalidade desta subvención é contribuír ao sostemento do Club Ourense Baloncesto.

Prevense 216.000 euros para esta finalidade, cantidade idéntica á de exercicios anteriores.

Esta cantidade poderá modificarse nos sucesivos exercicios en función da categoría competitiva na que milite o Club ou doutras circunstancias debidamente motivadas.

A subvención concederase como subvención nominativa en atención á especial importancia desta entidade deportiva na provincia.

III. Subvención ao Rally de Ourense

A finalidade desta subvención é contribuír á realización deste importante evento, de enorme importancia económica, social e deportiva. Prevese unha subvención por importe de 40.000 euros, que se concederá con carácter nominativo.

IV. Concurso de subvencións para as Copas Deputación

A finalidade desta subvención é garantir o mantemento das Copas Deputación, como competición deportiva de enorme tradición na provincia e orientada fundamentalmente cara ao deporte de base. A dotación para estas finalidades nos orzamentos de 2016 é de 115.000 euros.

As bases reguladoras e a convocatoria deste concurso deberá aprobalas a Xunta de Goberno no primeiro trimestre de 2016. As bases terán en conta, entre os criterios de valoración, a incidencia social da competición, a súa orientación ao deporte de base e a celebración en municipios diferentes da capital, entre outros factores.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

As subvencións correspondentes a esta acción concederanse ordinariamente mediante o procedemento de concorrencia competitiva e en caso contrario, deberá xustificarse.

V. Concurso de subvencións para eventos deportivos

A finalidade destas subvencións é contribuír ao mantemento dunha actividade deportiva ampla, orientada ao público en xeral e baseada principalmente nos conceptos de deporte – saúde e deporte para todos. As accións subvencionadas poderán ser promovidas polos concellos, entidades deportivas, entidades sen ánimo de lucro ou asociacións veciñais.

A dotación para estas finalidades nos orzamentos de 2016 é de 60.000 euros para o fomento do deporte polos concellos e de 70.000 euros para outras entidades.

As bases reguladoras e a convocatoria deste concurso deberá aprobalas a Xunta de Goberno no primeiro trimestre de 2016.

VI. Concurso de subvencións a deportistas individuais cualificados

A finalidade destas subvencións é incentivar a actividade dos deportistas ourensáns individuais que se destacasen especialmente na temporada deportiva, tendo en conta ademais o conxunto da súa traxectoria.

A dotación para estas finalidades nos orzamentos de 2016 é de 25.000 euros.

As bases reguladoras e a convocatoria deste concurso para o ano 2016 xa foron aprobadas pola Xunta de goberno Local na súa sesión de data 04.12.2015.

As subvencións correspondentes a esta acción concederanse mediante procedemento de concorrencia competitiva.

D.4. Fomento da educación

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvención enmárcase na competencia prevista no artigo 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, que inclúe entre as competencias provincias o fomento da educación.

Os sectores aos que se dirixen son os estudantes universitarios de grao e posgrao, para as finalidades específicas sinaladas no apartado seguinte.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Tendo en conta a necesidade de evitar duplicidades con outras administracións públicas, as subvencións incluídas nesta liña de actuación diríxense especificamente ao colectivo de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

estudantes universitarios, onde se considera que é precisa unha acción complementaria da Deputación Provincial en dous ámbitos concretos:

- a) Fomento da inserción laboral das persoas que rematasen os estudos de grao universitario, mediante a concesión de bolsas para prácticas en empresas en estados da Unión Europea.
- b) Fomento do retorno de estudantes universitarios de orixe ourensá, mediante a concesión de bolsas para a realización de estudos universitarios no Campus de Ourense.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como máximo antes do 1 de decembro do ano correspondente, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio que corresponda.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

A dotación total para estas finalidades no exercicio 2016 é de 80.000 euros.

5.º Plan de acción

A concesión das subvencións incluídas nesta liña levarase a cabo a través dos seguintes programas:

I. Programa de Bolsas de Mobilidade

Trátase dun programa que se implantou por vez primeira no 2014, financiado integramente con fondos propios, e que ten por obxecto substituír o programa de Bolsas Leonardo, unha vez esgotado este, subvencionando a prácticas de universitarios en empresas en estados da Unión Europea. As bolsas concederanse mediante convocatorias trimestrais ou cuatrimestrais ao longo do exercicio, mediante procedemento de concorrencia competitiva. A dotación anual é de 60.000 euros.

II. Programa de Bolsas Ourense Exterior

Trátase dun programa de bolsas –xa existente en exercicios anteriores- para a realización de estudos universitarios no Campus de Ourense, destinadas a estudantes universitarios estranxeiros de orixe ourensá. As bolsas concederanse mediante unha convocatoria anual,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

mediante procedemento de concorrencia competitiva. Este Programa levarase a cabo, de consideralo, unha vez avaliados os resultados obtidos en anteriores convocatorias.

A dotación anual é de 10.000 euros.

D.5 Fomento do benestar social

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvención enmárcase na competencia prevista no artigo 118 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e 36.1. d) e e) da Lei reguladora das bases de réxime local, ao considerar que o fomento da prestación de servizos sociais constitúe un interese peculiar da provincia de Ourense e contribúe ao seu desenvolvemento social, dadas as súas características sociais e demográficas, interese especificamente definido en desenvolvemento da previsións xenérica das normas citadas polo artigo 4.2.f) da Ordenanza xeral de subvencións.

Os sectores aos que se dirixen son as entidades sen ánimo de lucro que presten servizos sociais na provincia.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

O obxectivo fundamental que persegue esta liña de subvencións é contribuír ao mantemento dos servizos sociais (complementarios dos xestionados polo sector público) que son prestados na provincia por entidades sen ánimo de lucro. Complementariamente, resérvase unha partida para posibles investimentos por parte deste tipo de entidades.

Así mesmo establécese unha nova liña de acción de fomento da natalidade a través do Plan Provincial de apoio á natalidade.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como regra xeral e como máximo antes do 31 de xullo do ano que corresponda, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

A dotación total prevista para esta liña -se exceptuamos o plan provincial de fomento da natalidade- é de 325.000 euros, dos que a maior parte (260.000) irán destinados á concesión

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a prestación de servizos sociais mediante procedementos de concorrencia competitiva.

O citado plan provincial de fomento da natalidade parte cunha dotación orzamentaria no exercicio de 2016 de 800.000,00 €.

5.º Plan de acción

A concesión das subvencións incluídas nesta liña instrumentarase a través das seguintes accións:

I. Concurso de subvencións para entidades sen ánimo de lucro que presten de servizos sociais

Esta acción consistirá na concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro que presten servizos sociais na provincia de Ourense, e dotarase con 260.000 euros. As subvencións concederanse mediante procedementos de concorrencia competitiva, e as bases reguladoras deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno no primeiro trimestre do ano que corresponda. Os criterios de valoración terán en contra, entre outros factores, a complementariedade dos servizos prestados cos xestionados polas administracións públicas e a súa incidencia social no territorio e nos colectivos afectados.

II. Fondo para subvencións de emerxencia social

Os orzamentos de 2016 reservan unha partida de 15.000 euros sen adscrición específica. Esta partida poderá destinarse a subvencións de emerxencia social, en función de necesidades que poidan detectarse ao longo do exercicio, que poderán tramitarse como subvencións nominativas ou directas, sempre que se dean os supostos previstos en cada caso pola Ordenanza xeral de subvencións. Esta partida poderá empregarse, igualmente, para atender obrigas sobrevidas como consecuencia da estimación de recursos interpostos contra os actos de concesión de subvencións do exercicio anterior.

III. Plan provincial de fomento da natalidade

Este plan configúrase cunha dotación inicial de 800.000 € para dotar dunha axuda ás familias de todos os nenos e nenas que nazen durante o exercicio 2016, o primeiro no que se implanta. Consistirá nunha achega económica –por determinar– por neno ou nena e que cumpra os requisitos das bases que se aprobarán no primeiro trimestre de 2016.

En función das dispoñibilidades orzamentarias e do resultado da avaliación dos resultados desta acción exporase o seu mantemento en futuros exercicios.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

D.6 Fomento do desenvolvemento económico da provincia**1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas**

Esta liña de subvencións enmárcase na competencia provincial de cooperación no fomento do desenvolvemento económico da provincia, prevista no artigo 36.1.d) da Lei de bases de réxime local. O exercicio destas competencias provinciais instruméntase a través do Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico e Social (Inorde) e desde a propia Deputación provincial.

Os sectores afectados por esta liña serán os concellos e o sector empresarial da provincia de Ourense en xeral, en particular o que ten por obxecto a produción, promoción e distribución de produtos propios da provincia non susceptibles de deslocalización e o sector termal.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Poden resumirse nos seguintes:

- Contribuír ao crecemento da economía provincial mediante a concesión de subvencións aos concellos para a promoción de produtos propios da provincia non susceptibles da deslocalización.
- Contribuír ao desenvolvemento do sector termal, subvencionando estancias en establecementos balnearios da provincia.
- Contribuír á loita contra o desemprego, mediante accións de fomento da formación de emprendedores e da contratación de persoal polos concellos.
- Contribuír ao desenvolvemento do sector vitivinícola a través das achegas aos consellos reguladores.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como regra xeral e como máximo antes do 1 de decembro do ano que corresponda, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

O importe destinado a estas finalidades nos orzamentos de 2016 supera os 1.500.000,00 € millón de euros. A maior parte da dotación é para o Plan de Emprego para os concellos, cunha dotación inicial de 910.000 €.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

O financiamento destes importes realízase con fondos propios da Deputación e do Inorde, sen prexuízo da posibilidade de que os beneficiarios complementen estas achegas con fondos propios ou procedentes doutras administracións públicas.

5.º Plan de acción

Esta liña de subvencións instrumentarase a través das seguintes accións:

I. Concurso de subvencións a concellos para accións de promoción de produtos propios da provincia de Ourense

Mediante esta acción, concederanse subvencións a concellos para a realización de accións de promoción de produtos propios da provincia non susceptibles de deslocalización. O procedemento de concesión de subvencións será xestionado polo Inorde, mediante concorrencia competitiva, debendo aprobarse as bases reguladoras do concurso no primeiro cuadrimestre do ano que corresponda. As bases terán en conta a incidencia socioeconómica das accións previstas. A dotación orzamentaria para esta acción será de 100.000 euros.

II. Concurso de subvencións a organizacións empresariais para accións de formación de emprendedores

Mediante esta acción, concederanse subvencións a organizacións empresariais para a realización de accións de formación de emprendedores. O procedemento de concesión de subvencións será xestionado polo Inorde, mediante concorrencia competitiva, debendo aprobarse as bases reguladoras do concurso no primeiro cuadrimestre do ano. As bases terán en conta a calidade e eficacia das accións previstas.

III. Concurso de subvencións para fomento do termalismo.

Mediante esta acción, concederanse subvencións a persoas físicas para a realización de estancias e recepción de tratamentos en establecementos balnearios da provincia de Ourense. O procedemento será xestionado pola Deputación, mediante concorrencia competitiva, efectuándose diversas convocatorias ao ano en función dos períodos de actividade dos establecementos balnearios. Os establecementos balnearios terán a consideración de entidades colaboradoras, ben directamente, ou ben a través das súas asociacións representativas. As bases reguladoras da concesión das axudas terán en conta criterios de idade e capacidade económica dos beneficiarios.

IV. Subvencións nominativas aos consellos reguladores da provincia no sector vitivinícola.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

Mediante esta acción, concederanse subvencións aos consellos reguladores da provincia – Ribeiro, Monterrei, Ribeira Sacra e Valdeorras- para a potenciación dun sector que se considera estratéxico para o desenvolvemento económico da provincia. A dotación no orzamento de 2016 é de 200.000,00 €.

V. Plan de Emprego para os concellos da provincia.

Con esta acción fomentárase a contratación de persoal por parte dos concello da provincia cunha cantidade de 10.000 € por concello. As condicións e requisitos das contratación regularase na convocatoria do referido plan.

VI. Outras subvencións nominativas do INORDE para o desenvolvemento económico.

Por esta vía poderán subvencionarse accións que non teñan encaixe noutras convocatorias e que polo seu carácter singular supoñan un pulo e se consideren unha aposta polo desenvolvemento económico provincial.

D.7 Fomento do asociacionismo veciñal

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvencións enmárcase na competencia provincial de fomento dos intereses peculiares da provincia, prevista no artigo 118.d) da Lei de administración local de Galicia e 36.1.e) da Lei de bases de réxime local.

Os sectores afectados por esta liña serán as asociacións veciñais.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Potenciar o movemento veciñal, a través das súas asociacións, como instrumento de participación cidadá antes as administracións locais e como entidades xestoras de actividades de interese social, deportiva, cultural ou medioambiental.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como regra xeral e como máximo antes do 1 de decembro do ano que corresponda, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

Existe unha previsión inicial de 100.000 € nos orzamentos para 2016. O financiamento desta liña, en todo caso, realizarase con fondos propios da Deputación, e sen prexuízo da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

posibilidade de que os beneficiarios complementen estas achegas con fondos propios ou procedentes doutras administracións públicas.

5.º Plan de acción

Esta liña de subvencións instrumentarase a través de concursos de concesión de subvencións a asociacións veciñais, que poderán ter como obxecto tanto o financiamento dos seus gastos de funcionamento como de actividades culturais, recreativas, deportivas, sociais, medioambientais ou investimentos. O procedemento poderá ser tanto o de concorrencia competitiva como o de concorrencia non competitiva, podendo tamén implementarse a través da concesión de subvencións de carácter nominativo, sempre que se respecten os límites establecidos na Ordenanza xeral de subvencións. O importe inicial consignado no Orzamento ascende aos 100.000 euros para o financiamento desta liña.

E) Réxime de seguimento e avaliación das diferentes liñas de subvencións do Plan Estratéxico de Subvencións 2016-2019

No primeiro cuadrimestre de cada exercicio a Área de Administración Xeral emitirá un informe sobre o grao de execución do presente Plan estratéxico, no que se analizarán as principais incidencias e desviacións experimentadas, e que poderá conter propostas de mellora dos plans sucesivos. Deste informe daráselle conta ao Pleno da Deputación na primeira sesión ordinaria que realice, e o seu contido terase en conta para a actualización da planificación estratéxica desta Deputación Provincial.

2º.- Someter o expediente a información pública durante o prazo de 20 días hábiles, de conformidade co establecido na Ordenanza xeral de subvencións, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

7º.- PARTICIPACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE NA AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL (AECT) EUROCIDADE CHAVES-VERÍN.

O Sr. vicesecretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular, do Grupo Socialista e do BNG (23) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a intención de participación da Deputación Provincial de Ourense na Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) Eurocidade Chaves-Verín.

2º.- Designar ao Presidente da Deputación D. José Manuel Baltar Blanco ou deputado en quen este delegue como representante desta Deputación para a realización de todas aquelas actuacións necesarias para levar a cabo a futura integración.

3º.- Proceder á tramitación da futura integración na AECT Eurocidade Chaves-Verín consonte co sinalado no *artigo 4.2 do Real decreto 23/2015, por el que se adoptan las medidas necesarias para la aplicación efectiva del Reglamento (CE) nº 1082/2006 del Parlamento Europeo y del Consejo, sobre la Agrupación Europea de Cooperación Territorial*, levándose a cabo os traballos necesarios para a redacción do texto do convenio e dos estatutos propostos, nos termos sinalados no apartado primeiro do artigo 4 do antedito real decreto.

8º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA SOLICITANDO A ADQUISICIÓN DA BIBLIOTECA “BENITO FERNÁNDEZ ALONSO”.-

O Sr. presidente anuncia que se presentou unha emenda de substitución a esta moción por parte do Grupo Popular e cédelle a palabra ao Sr. Ojea Bouzo para que defenda o contido da moción.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, expón o contido da seguinte moción:

“Exposición de motivos: Vista a proposta que dona Elisa Tejada Lorenzo (propietaria da biblioteca “Benito Fernández Alonso” que nestes momentos se atopa en depósito na Deputación Provincial) realizou o pasado día 12 de novembro a este organismo, realizando unha oferta de venda desta á metade do prezo do seu valor real, desde o Grupo Provincial de Democracia Ourensana cremos que sería moi oportuno o que a dita biblioteca pasase a formar parte, en propiedade, do arquivo cultural deste organismo. A Biblioteca “Benito Fernández Alonso” está composta por un total de 1.092 obras de elevado interese que encerran unha importante historia local, provincial e autonómica , incluíndo os estudos arquivísticos e bibliográficos do propio Bento Fernández Alonso –

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

entre eles os realizados como cronista oficial de Ourense-, ou a primeira revista literaria de Galicia denominada “Álbum Literario”. A meirande parte dos fondos son do século XIX e principios do XX, con abundantes obras impresas en Galicia (estando o resto sobre todo en Madrid e Barcelona, e varios de países europeos). Hai sobre todo impresos de Ourense, moi abundantes, e tamén da Coruña, a segunda cidade en abundancia de edicións, Ferrol, Lugo, Pontevedra, Santiago, Tui, Vigo ou Mondariz. Ou relacionados con Galicia de cidades como Bos Aires e outra. O valor deste lote de impresos galegos ou relacionados con Galicia está esencialmente na rareza de moitos deles. Son en total os galegos 525 rexistros, logo, e por séculos, hai uns sete do século XVI, 15 do XVIII, 362 do XIX e o resto de comezos do século XX. Hai de feito títulos de especial valor na colección, dos que citamos, entre outros moitos, a “Historia de las cosas de Etiopía”, de Francisco Álvarez, impreso en Amberes en 1557. As “Obras Compeltas” de Buffon en 58 tomos, o “Libro de secretos de agricultura” de 1695, o “Tratado de enfermedades de ojos” de Domingo Vidal de 1785, o “Nuevo tesoro de medicina” de Villalón de 1731, o “Ambrosil Calepini” de 1565, impreso en Lyon, a “Historia Natural” de Plinio, de 1625, a “Población eclesiástica” de Argaiz, de 1667, o “Romanceiro portuguez” de Sarmiento, o “Thesouro ...” de Ben Israel, de 1710, o “Nuevo Atlas Universal” de Guistiniani, de 1755. Entre os galegos, a “Menestra de tipos populares” de Guisasola, o anónimo “Un afecto de la Iglesia Apostólica ...”, os “Anales del Reino de Galicia” de Huerta, o “Memorial ...” de Herbella de Puga, ou a colección case completa do “Semanario Erudito ..” de Valladares, se cadra o título de maior valor. Con data 10 de abril de 2015 a Secretaría do Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, informou favorablemente a adquisición e valoración económica desta biblioteca por un importe total de 131.793 € (centro trinta e un mil setecentos noventa e tres euros) IVE engadido (achegamos certificación en anexo I). Acompañamos así mesmo informe de don Daniel Buján, director da Biblioteca de Galicia no Gaiás, valorando e recomendando encarecidamente a súa adquisición (anexo II). Por todo isto, e vista a oferta que a propietaria deste arquivo bibliotecario –que hoxe se atopa depositado xa na Deputación Provincial- na que ofrece o mesmo a este organismo por un prezo de 65.000 € (IVE engadido) que supón a metade do seu prezo real, desde o Grupo Provincial de Democracia Ourenzana realizamos ao pleno a seguinte proposta: que a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

Deputación Provincial de Ourense realice os trámites oportunos para adquirir –o máis axiña posible para evitar que outras ofertas provoquen que este importante arquivo se vaia da nosa provincia- a biblioteca “Benito Fernández Alonso” no prezo e condicións que a súa propietaria realiza na súa oferta, de forma que pase a formar parte do patrimonio cultural ourensán”.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto oitavo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto oitavo](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Popular, que é aprobada por unanimidade de todos/as os deputados/as da Corporación (25).

A continuación somete a votación a moción emendada e por unanimidade de todos/as os deputados/as da Corporación (25), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Que a proposta de proceder á adquisición da biblioteca de “Benito Fernández Alonso” quede supeditada á aclaración da súa propiedade, tendo en conta ademais o acordo de cesión da citada biblioteca a esta entidade do ano 1990.

9º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Trala declaración previa da súa urxencia, por unanimidade dos vinte e cinco deputados/as da Corporación, tratáronse as seguintes:

9ºA.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A UTILIZACIÓN DAS ANTIGAS ESCOLAS E LOCAIS SOCIAIS COMO VELORIOS

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que defendan o contido da moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

“Exposición de motivos.- Despois da fonda preocupación xerada nestes derradeiros meses, entre os veciños e veciñas, alcaldes e alcaldesas de numerosos concellos da nosa provincia, ante as novas aparecidas sobre a intención da Xunta de Galicia de prohibir o uso da maioría de locais e velorios que, a día de hoxe, non cumpren coa normativa; a Deputación ten que, de inmediato, tomar medidas para evitar un novo e inxusto prexuízo artellado sen pensar nas especiais condicións de moitas zonas da xeografía galega. A necesidade de cumprir coa lexislación, neste caso co Decreto 151/2014 de Sanidade

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

Mortuoria de Galicia, é evidente pero o lexislador debería ter sempre en conta os dereitos das xentes ás que a súa aplicación pode afectar e, sobre todo, cando esta implica cambios en costumes tan arraigados como o caso do que estamos a falar. A necesidade de implementar un período de adaptación, así como, por suposto, ofrecer todas as facilidades posibles para esta adaptación, teñen que ser prioridades absolutas e, non como neste caso, xerando preocupación onde non a había. A Xunta tería que entender que, sen entrar a valorar o que ten de tradición e elemento claro de identidade cultural, o feito de velar aos defuntos nas casas ou no propio entorno como se fixo desde sempre; privar ás parroquias desta posibilidade leva consigo un bo número de elementos negativos. Entre eles, poderíamos citar o xa de por si escaso nivel de servizos que poden ofrecer ou o trastorno que suporá alonxar, máis aínda, algo tan básico como os velorios dos núcleos rurais, por exemplo. Para evitar isto, e tentando que non se cometa unha nova afronta contra o xa de por si debilitado mundo rural, que afecta especialmente á estrutura demográfica da provincia de Ourense, presenta para a súa consideración e aceptación polo pleno desta institución, a seguinte moción instando á Deputación de Ourense a:

- 1.- Que por parte dos servizos técnicos desta Deputación, se proceda á realización dun inventario provincial dos velorios existentes municipais ou veciñais, emprazados en locais que non están adaptados para ese uso.*
- 2.- Que por parte desta Deputación Provincial se habilite unha partida para unha posible colaboración económica que favoreza a habilitación deste tipo de locais para o cumprimento do Decreto 151/2014, do 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia.*
- 3.- Que esta Deputación inste á Xunta de Galicia para que se ofrezga unha moratoria de dous anos para a aplicación desta normativa nos locais destinados a este fin e que a Xunta de Galicia habilite partidas orzamentarias para axudar a que os diferentes colectivos e concellos que manteñen estas instalación poidan facerlles fronte aos gastos que a adaptación á nova lexislación trae consigo.*
- 4.- Que por parte desta Deputación Provincial se garanta que, a partir deste momento, todas as axudas e subvencións que se destinen a novos velorios desde a institución provincial, estean supeditadas á adecuación e adaptación desas instalacións ao Decreto 151/2014, do 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia”.*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 9A da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto noveno A](#)

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados/as do Grupo Socialista e do BNG (9), o voto en contra dos deputados/as do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2).

9ºB.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A REGULARIZACIÓN CATASTRAL

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que defenda o contido da moción.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, expón o contido da seguinte moción:

“Exposición de motivos. A Dirección Xeral do Catastro activou de oficio un proceso extraordinario de regularización catastral, cuxa finalidade principal é localizar aqueles inmóbeis que os seus propietarios (particulares ou empresas) non deran de alta ou non actualizaran no Catastro e, polo tanto, non tributaban por eles ou facíanlo de forma incompleta. O denominado Procedemento de Regulación Catastral 2013-2016, impulsado polo Ministerio de Facenda, no caso de que existan inmóbeis e alteracións construtivas realizadas sen declarar ao Catastro, establece un proceso de regularización co pago dunha taxa de 60 euros por cada inmóbel urbano ou parcela que se inscriba. Esta regularización, ademais do pago da taxa de 60 € por cada alta no Catastro, implicará un aumento do valor catastral do inmóbel revisado e, polo tanto, incrementará tamén a base impoñible de tributos como o IBI. A administración poderá esixir calcular de novo a cota a pagar polo IBI dos últimos catro anos e reclamar a diferenza resultante cos correspondentes xuros de demora. A actualización catastral tamén pode variar a tributación futura por outros impostos: IRPF, IIVTNU, etcétera. Por parte do goberno, para encubrir que en realidade ademais dunha actualización do Catastro tamén se pon en marcha unha ferramenta para incrementar a recadación de determinados tributos, empregouse como denominación deste proceso a expresión “amnistía catastral”, argumentando para iso que, co pago desta taxa de forma voluntaria, se evita a aplicación rigorosa da normativa catastral e evítanse multas elevadas aos titulares de inmóbeis non declarados. Ademais das repercusións tributarias futuras, a taxa lineal establecida, ao aplicarse por cada inmóbel obxecto do procedemento, implica unha desigualdade, respecto de regularizacións de maior entidade ou envergadura (caso, por exemplo, de ampliacións significativas de edificacións) con outras menores (pequenas obras de acondicionamento,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

anexos de edificacións sen valor residencial, etcétera). Isto agrávase no caso de fraccionamento da propiedade, característico de Galiza, onde as declaracións de regularización se multiplican ao afectar a moitas parcelas de escasa dimensión, que aínda sumadas todas elas, apenas implican cambios relevantes dos bens inmóbeis inscritos no Catastro por un mesmo suxeito pasivo. Desta maneira, increméntase de forma inxusta a recadación da taxa de regularización catastral, posto que en determinados territorios a multiplicidade de procedementos pola división da propiedade orixinará unha recadación superior aos custos que para a administración catastral ten a xestión dos ditos procesos, é dicir, xerarase probablemente un ingreso superior pola recadación da taxa de regularización catastral ao custo efectivo da xestión administrativa dese proceso. Pos estes motivos, o BNG solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: O Pleno da Deputación insta ao Ministerio de Facenda a revisar a taxa de regularización catastral, de maneira que se establezan bonificacións e dedución no seu importe: 1.- Cando afecten a alteracións de entidade menor nos inmóbeis. 2.- Cando o mesmo suxeito pasivo sexa obxecto de diversos expedientes de regularización catastral, de forma que ingrese dunha soa vez a taxa por todos os procesos”.

D. Francisco José Fraga Civeira do Grupo Socialista, formula unha emenda de adición in voce, co seguinte contido: “ *que as bonificacións e deducións da taxa de regularización se estenda aos concellos nos que xa se tivese aboado tal taxa, habilitando os mecanismos necesarios con ese fin*”.

A continuación, prodúcense as intervencións que se recollen no punto 9B da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto noveno B](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación, en primeiro lugar, a emenda in voce presentada polo Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados/as do Grupo Socialista presentes na sesión e do BNG (8), o voto en contra dos deputados/as do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2).

A continuación somete a votación a moción co seu texto orixinal, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados/as do Grupo Socialista presentes na sesión e do BNG (8), o voto en contra dos deputados/as do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

10º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓN DE DECRETOS:

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de novembro de 2015 e 2º adicional de setembro e 1º de outubro de 2015.
- Deputado delegado de Facenda: mes de novembro de 2015 e 2º adicional de setembro e 1º de outubro de 2015.
- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de novembro de 2015.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de novembro 2015.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación das resolucións mencionadas.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, di que presentaron unha pregunta á Presidencia por escrito con seguinte contido: ¿Considera vostede que os acordos do pleno adoptados por esta Deputación deben ser executados ou, pola contra, nada do que se decide aquí ten ningún tipo de validez?

O **Sr. presidente** manifesta que na pregunta presentada se pide que se responda por escrito e por escrito responderá.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, en canto ao parque biosaudable de Pazos de Arenteiro, que se construíu nunha zona afectada por patrimonio e zona de servidume da Confederación Hidrográfica, manifesta que o PXOM de Boborás di que os usos permitidos por licenza municipal e os usos autorizados pola Comunidade Autónoma no solo rústico de protección de augas, así como os recollidos para núcleos rurais, o solo urbanizable de Boborás, dentro da zona de policía de leitos, sempre estarán suxeitos á autorización previa polo organismo de conca ao que pertence o leito. Parece ser que esta autorización non se deu, polo que pregunta cómo é posible que cunha subvención da Deputación se permita a comisión dunha ilegalidade e qué pensa facer a Deputación ao respecto.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

O **Sr. presidente** manifesta que contestará por escrito.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, formula un rogo en canto ao estado deficitario das estradas da rede viaria provincial, xa que polas características dalgunhas delas son especialmente perigosas. Roga que se pinte a estrada Oímbra-Videferre por ser de abundante néboa, o que dificulta moito o tránsito.

O **Sr. presidente** di que toma nota do rogo.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, di que o 27 de novembro presentaron un escrito por rexistro no que solicitaban a relación nominal de todas as persoas que accederon ao salón de plenos, para acudir á sesión ordinaria do día 27 de novembro, así como as solicitudes e data de cada unha delas. Iso foilles contestado pero había unha segunda parte na que se pedía que por parte da Deputación se identificase á persoa ou persoas que proferiron insultos e mesmo ameazaron con agredir a deputados e deputadas e que unha vez identificadas se puxese en coñecemento do xulgado tal extremo, persoándose na causa que se puidese abrir a respecto desa cuestión concreta. Pregunta se se fixo algo nese sentido ou se se ten pensado facer.

O **Sr. presidente** di que contestará por escrito.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, dá lectura a un artigo de prensa publicado a finais de outubro na Voz de Galicia, co seguinte contido: *“liberdade provisional para o xerente de Alcor Seguridade tras tres días detido. O xerente de Alcor Seguridade quedou este luns en liberdade provisional tras prestar declaración no xulgado de Monforte, acusado dun delito contra a facenda pública, outro contra os dereitos dos traballadores e u terceiro de falsidade documental. Carlos Somoza Fouces fora detido o venres por axentes dunha unidade da Policía Nacional especializada no control das empresas de seguridade privada. A investigación ten ramificacións polo menos en Asturias e Canarias, onde foron detidos dous cargos intermedios desta mesma empresa, con sede en Monforte pero actividade en distintas comunidades autónomas”*. Aclara que Alcor Seguridade é a empresa que xestiona a seguridade nesta casa. Pregunta se a Deputación non inclúe dentro dos pregos de cláusulas administrativas ningunha cláusula de resolución pola comisión dun delito contra os dereitos dos traballadores por parte do responsable dunha empresa que contrate coa administración. Para o BNG esta sería unha causa de exclusión ou revogación dun contrato. Anuncia que no próximo pleno presentarán unha proposta neste sentido.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de decembro de 2015
--

O **Sr. presidente** manifesta que lle responderá por escrito.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, roga en primeiro lugar que se teña o mesmo criterio á hora de votar a urxencia das mocións. En relación cunhas pulseiras que se mercaron que poñen *ourensanía*, quere saber se se repartiron aleatoriamente ou se lle entregaron a algunha organización ou que se fixo con elas.

O **Sr. presidente** manifesta que lle responderá por escrito e que toma nota do rogo.

As intervencións íntegras deste punto recóllense no punto 11 da vídeo acta da sesión, e están dispoñibles no seguinte enlace: [ver punto décimo primeiro](#)

E, ás 12.55 horas do día vinte e nove de decembro do ano dous mil quince, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión extraordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,